



DECRETO DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS

De conformidade co establecido na Resolución de Alcaldía de 26.06.2015, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local deste Concello, corresponde a esta a competencia para resolver sobre a aprobación das bases de selección de persoal.

Comprobado que existían uns erros de transcripción nas bases xerais (que se fai referencia a unha praza de arquitecto técnico) e no temario de materias específicas, aprobado pola resolución de alcaldía do 16.12.2016 corríxíronse por resolución de alcaldía do 21.12.2016.

Vista a reclamación presentada polo Colexio de Traballo Social de Galicia O 26.12.2016 (NRE 5519) e o informe xurídico de secretaría do 30.12.2016 é preciso volver a corrixir o temario por conter diversos erros e dar publicidade ao mesmo e abrir novo prazo para presentar instancias, conservando as xa existentes.

Visto o establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2868/1986, de 28 de novembro e considerando que a Xunta de Goberno, como órgano colexiado, está suxeita a unha previa convocatoria e celebración de sesión, e tendo en conta que urxe cubrir a praza de asistente social, xa que se atopa de baixa a traballadora que ocupa a mesma e parece que a baixa pode estenderse no tempo, para non demorar máis o proceso de selección é preciso avocar a competencia,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia asumida pola Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 26.06.2015, para corrixir uns no temario para a selección de un asistente social en réxime de dereito laboral temporal con carácter interino a xornada completa e dar nova publicidade á corrección e abrir novo prazo de presentación de instancias.

Segundo.- Dar conta do presente Decreto de Avocación á Xunta de Goberno Local na próxima sesión ordinaria que celebre, así como da resolución pola que se modifican as bases.

Coristanco, 3 de xaneiro de 2016

O Alcalde,



Amancio Lavandeira Suárez

Dou fe,
A Secretaría accidental,



M^a del Carmen Garda Rama